

Juan Viaño

“Temos que recuperar reputación para a USC, debemos facernos máis visibles e cribles”

Nos últimos anos foi unha das voces máis críticas co reitor Casares. As urnas da Universidade de Santiago (USC) decidiron o venres que sexa quen o substitúa



[SATISFEITO O novo reitor da USC, Juan Viaño, visitou onte as instalacións de EL CORREO GALLEGO - FOTO: A.Hernández](#)

IOLANDA CASAL SANTIAGO | 27.04.2014

Hai xusto 40 anos, naquel Año Juliano no que o curso arrincou en xaneiro, Juan Viaño (Boqueixón, 1955) debutaba como estudante da USC. Daquela a carreira que escolleu aínda se impartía na Facultade de Ciencias, hoxe sede só de Química. Quizais por iso as grandes árbores que medraron xunto a ela son o seu recuncho favorito no campus. Pero nos vindeiros catro anos o seu espazo natural será o Pazo de San Xerome. Porque aquel alumno brillante, que fixo a mili, traballou na explotación agrícola familiar e tivo o seu primeiro fillo mentres sacaba a carreira, é dende a noite do pasado venres o novo reitor electo da institución. Ocupará o lugar de Juan Casares Long por tan só unha diferenza de 74 papeletas co seu único rival, Antonio López.

Como se sente convertido en reitor tras un relato de infarto?

O meu equipo e máis eu estamos moi satisfeitos, porque a comunidade universitaria lle concedeu a confianza ao noso proxecto. Contabamos cunhas votacións axustadas, pero non con tan pouca diferenza, nin con este suspense ao final do escrutinio.